



BASES DO I CONCURSO ESCOLAR DE CARTEIS DO ENTROIDO (2022)

Descrición do concurso

- As/os alumnas/os participantes crearán un cartel da temática do Entroido para promocionar esta festa no Concello do Porriño.
- As ilustracións do cartel poderanse realizar con ceras, acuarelas, colaxe, carbón, ... ou con calquera outra técnica creativa.
- O tamaño será A3, en formato papel ou cartolina.
- A mensaxe que conteña o cartel do Entroido deberá estar escrita en lingua galega, incluíndo sempre o seguinte texto:

ENTROIDO 2022
CONCELLO DO PORRIÑO

- Na parte posterior do cartel figurará o nome da/do alumna/o, a súa idade, o curso escolar e o nome do centro educativo ao que pertence.
- A participación será individual, de xeito que non se aceptarán carteis con varias/os autoras/es.
- As obras serán, necesariamente, orixinais e inéditas.

Persoas participantes

- Poderá participar o alumnado dos centros educativos do Porriño que curse educación infantil, primaria, secundaria e o alumnado de Aceesca.

Entrega de carteis

- Os carteis serán recollidos o **día 10 de febreiro de 2022** nos centros educativos do Porriño.
- O Concello do Porriño non se responsabilizará de posibles danos ou extravíos dos carteis, que serán expostos tanto no Centro Cultural Municipal coma na páxina web ecultura.net, con motivo das festas do Entroido.

Premios

- 1º premio: cartel gañador, que será a imaxe do Entroido do Concello do Porriño 2022.
- 2º premio
- 3º premio





Concello do Porriño

Todas as persoas premiadas recibirán un lote de material escolar e serán as pregoeiras do Entroido 2022 do Concello do Porriño.

Cesión de propiedade e dereitos

- A participación neste concurso supón a conformidade coas presentes bases e autorización da nai, do pai ou da persoa titora da/o menor de idade, ao Concello do Porriño, na difusión e uso de posibles imaxes achegadas, a través das redes sociais, páxina web e demais medios de difusión.
- Os datos obtidos a través da participación serán tratados de conformidade coa Lei orgánica 3/2018 de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.
- O Concello do Porriño reserva o dereito a non publicar aqueles carteis que non cumpran estas bases ou que considere que atentan contra a legalidade ou a dignidade das persoas e/ou institucións.

Asinado dixitalmente no Porriño, na data indicada na marxe.

Concello do Porriño

C/ Antonio Palacios, 1, Porriño, O. 36400 (Pontevedra). Tfno. 986335000. Fax: 986330579



Cod. Validación: 6PHEN6DCZTRQPPXQXEHLHRXPK | Corrección: <https://porriño.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 2